PARLAMENTO
DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 25/09/2018

3. Mocións. 3
3.1 10/MOC-000103 (0036836) 3
(0036836) Entrada da iniciativa 4
(0037522) Emendas dos grupos parlamentarios 6
3.2 10/MOC-000104 (0036844) 8
(0036844) Entrada da iniciativa 9
(0037507) Emendas dos grupos parlamentarios 12
3.3 10/MOC-000105 (0036854) 15
(0036854) Entrada da iniciativa 16
(0037511) Emendas dos grupos parlamentarios 18
(0037527) Emendas dos grupos parlamentarios 20
(0037534) Emendas dos grupos parlamentarios 21
4. Proposicións non de lei ante o pleno. 23
4.1 10/PNP-000921 (0009863) 23
(0009863) Entrada da iniciativa 24
(0037490) Emendas dos Grupos Parlamentarios 26
(0037512) Emendas dos Grupos Parlamentarios 27
(0037519) Emendas dos Grupos Parlamentarios 29
4.2 10/PNP-002322 (0031236) 31
(0031236) Entrada da iniciativa 32
(0037503) Emendas dos Grupos Parlamentarios 36
4.4 10/PNP-002593 (0034520) 38
(0034520) Entrada da iniciativa 39
(0037508) Emendas dos Grupos Parlamentarios 42
(0037518) Emendas dos Grupos Parlamentarios 44
(0037530) Emendas dos Grupos Parlamentarios 46
4.5 10/PNP-002666 (0035858) 49
(0035858) Entrada da iniciativa 50
(0037505) Emendas dos Grupos Parlamentarios 54
(0037521) Emendas dos Grupos Parlamentarios 55
4.6 10/PNP-002675 (0036056) 57
(0036056) Entrada da iniciativa 58
(0037491) Emendas dos Grupos Parlamentarios 62
(0037524) Emendas dos Grupos Parlamentarios 63
(0037529) Emendas dos Grupos Parlamentarios 65
4.7 10/PNP-002677 (0036072) 67
(0036072) Entrada da iniciativa 68
(0037504) Emendas dos Grupos Parlamentarios 73
(0037506) Emendas dos Grupos Parlamentarios 75
4.8 10/PNP-002690 (0036148) 77
(0036148) Entrada da iniciativa 78
(0037523) Emendas dos Grupos Parlamentarios 81
(0037528) Emendas dos Grupos Parlamentarios 83

PARLAMENTO
DE GALICIA

3. MOCIÓNS.

3.1 10/MOC-000103 (0036836)

Grupo Parlamentario de En Marea - Eva Solla Fernández

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán nos hospitais do Sergas. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 33303, publicada no BOPG nº 338, do 19.07.2018, e debatida na sesión plenaria do 11.09.2018)

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0036836) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 12:26
Nº Rexistro: 36836
Data envio: 14/09/2018 12:26:52.884

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández,** e ao abeiro do disposto no artigo 151.1 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación, doc. núm. 33303, sobre a política do Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán nos hospitais do Sergas, que foi tratada na sesión plenaria do día 11 de setembro de 2018. (10/INT-001111).

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Levar a cabo unha cobertura axeitada dos permisos das e dos profesionais que permitan manter os mesmos servizos todo o ano.
- Presentar unha planificación a medio prazo para poder contar con profesionais suficientes naquelas categorías e especialidades onde se evidencie carencias dos mesmos.
- Entregar informe aos Grupos Parlamentarios sobre os datos dos servizos pechados durante o verán e os criterios utilizados.
- Elaborar un Plan de mellora da Atención Primaria, dotándoa de persoal, equipamento e acceso aos recursos orzamentarios necesarios para garantir políticas de promoción e prevención da saúde, así como unha asistencia de calidade, recuperando as xerencias de Atención Primaria para unha mellora da capacidade decisoria e de xestión.
- Trasladar á Cámara os datos numéricos relativos ás listas de espera non estruturais.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 12:26
Nº Rexistro: 36836
Data envio: 14/09/2018 12:26:52.884

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Atender ás demandas das e dos profesionais dos Puntos de Atención Continuada.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputada e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 14/09/2018 12:25:41

Luis Villares Naveira na data 14/09/2018 12:25:49

PARLAMENTO DE GALICIA

(0037522) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:05
Nº Rexistro: 37522
Data envio: 24/09/2018 18:05:08.103

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **36836 [10/MOC-000103]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas e servizos durante os meses de verán nos hospitais do Sergas. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 33303, publicada no BOPG nº 338, do 19.07.2018, e debatida na sesión plenaria do 11.09.2018), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 25 de setembro de 2018.

Emenda de adición

Engadir os seguintes puntos:

"-Ter operativos todos os dispositivos e todos os servizos pechados no verán, en todos os centros, con todo o persoal preciso a día 1 de outubro

-Ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos."

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:05
Nº Rexistro: 37522
Data envio: 24/09/2018 18:05:08.103

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2018 16:42:05

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2018 16:42:10

PARLAMENTO
DE GALICIA

3.2 10/MOC-000104 (0036844)

Grupo Parlamentario de En Marea - María de los Ángeles Cuña Bóveda
Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Vázquez Verao
Grupo Parlamentario de En Marea - Carmen Santos Queiruga
Grupo Parlamentario de En Marea - Luis Villares Naveira

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión da CRTVG. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 31746, publicada no BOPG nº 316, do 06.06.2018, e debatida na sesión plenaria do 11.09.2018)

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0036844) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 13:10
Nº Rexistro: 36844
Data envio: 14/09/2018 13:10:29.353

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Vázquez Verao, Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 151.1 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación, doc. núm. 31746, sobre a xestión da CRTVG, que foi tratada na sesión plenaria do día 11 de setembro de 2018. (10/INT-001057).

MOCIÓN

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

1.ª) Crear o Consello de Informativos para cumprir co que marca a Lei 9/2011 de novembro de Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia.

2.ª) Establecer os mecanismos oportunos de Elección do Director da CRTV para que que sexa substituído por unha persoa avalada por cando menos dous terzos do Parlamento -50 escanos- ou, de non lograrse, por un mínimo de tres quintos -45-" tal e como marcaba a lexislación vixente.

3.ª) Poñer en funcionamento "ferramentas normativas eficaces que permitan a erradicación definitiva da inxerencia política nos labores xornalísticos".

4.ª) Cumprir a directiva comunitaria 2010/13 sobre Servizos de comunicación audiovisual e a Carta de Dereitos fundamentais da Unión Europea.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 13:10
Nº Rexistro: 36844
Data envio: 14/09/2018 13:10:29.353

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

5.ª) Elaborar de forma urxente un Plan de igualdade que inclúa protocolos de actuación nos casos de acoso e garanta a igualdade de oportunidades.

6.ª) Elaborar o Código de autorregulación de boas prácticas de igualdade de oportunidades e medios de comunicación conforme ao Decreto 2/2015, publicado no DOG nº 32 de 17 de febreiro de 2016.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Carmen Santos Queiruga

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/09/2018 13:08:11

Carmen Santos Queiruga na data 14/09/2018 13:08:16

Paula Vázquez Verao na data 14/09/2018 13:08:24

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 13:10
Nº Rexistro: 36844
Data envio: 14/09/2018 13:10:29.353

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luis Villares Naveira na data 14/09/2018 13:09:36

PARLAMENTO DE GALICIA

(0037507) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 17:18
Nº Rexistro: 37507
Data envio: 24/09/2018 17:18:13.451

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **36844 [10/MOC-000104]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión da CRTVG (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 31746, publicada no BOPG nº 316, do 06.06.2018, e debatida na sesión plenaria do 11.09.2018), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 25 de setembro de 2018.

Emenda de modificación

Proponse a modificación da parte resolutiva que quedaría do seguinte tenor:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas:

1. Dirixirse ao Consello de administración da CRTVG para que aprobe, de maneira urxente, o Estatuto profesional e o Consello de informativos tal e como recolle a Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

2. O Parlamento acorda abrir un proceso de diálogo entre os grupos parlamentares para renovar a Dirección Xeral de acordo co procedemento de elección que dispón a Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

3. Pór en funcionamento "ferramentas normativas eficaces que permitan a erradicación definitiva da inxerencia política nos labores xornalísticos".

4. Cumprir a directiva comunitaria 2010/13 sobre Servizos de comunicación audiovisual e a Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 17:18
Nº Rexistro: 37507
Data envio: 24/09/2018 17:18:13.451

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Dirixirse ao Consello de administración da CRTVG para que elabore un Plan de igualdade de oportunidades no que se que inclúa o protocolo de prevención e intervención fronte ao acoso sexual e por razón de sexo, e remitilo ao Parlamento de Galiza.

6. Desenvolver, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, accións formativas e de sensibilización dirixidas a xornalistas e medios de comunicación, públicos e privados, para aplicar o previsto no Capítulo III, Igualdade de oportunidades e medios de comunicación, do Decreto 2/2015, publicado no DOG n.º 32 de 17 de febreiro de 2016."

Emenda de adición

Engadir un novo punto co seguinte texto:

"7. O Parlamento insta a Xunta de Galiza a remitir ao Parlamento, no prazo máximo de dous meses, o proxecto de lei que regule ou encomende as funcións da autoridade audiovisual, como recolle a Disposición final quinta da Lei 9/2011."

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 17:18
Nº Rexistro: 37507
Data envio: 24/09/2018 17:18:13.451

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2018 13:37:53

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2018 13:37:57

PARLAMENTO
DE GALICIA

3.3 10/MOC-000105 (0036854)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 29368, publicada no BOPG nº 296, do 25.04.2018, e debatida na sesión plenaria do 11.09.2018)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0036854) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 17:32
Nº Rexistro: 36854
Data envío: 14/09/2018 17:32:58.233

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substanciar a interpelación debatida na sesión plenaria do día 11 de setembro de 2018, sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais (doc. núm.29368).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento das entidades locais galegas.

2º) Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.

3º) Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.

4º) Establecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas.

Pazo do Parlamento, 14 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 14/09/2018 17:23:07

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2018 17:32
Nº Rexistro: 36854
Data envío: 14/09/2018 17:32:58.233

PSG
PSOE

Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/09/2018 17:23:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0037511) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 17:26
Nº Rexistro: 37511
Data envio: 24/09/2018 17:26:28.154

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **36854 [10/MOC-000105]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 29368, publicada no BOPG nº 296, do 25.04.2018, e debatida na sesión plenaria do 11.09.2018), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 25 de setembro de 2018.

Emenda de adición

Engadir o seguinte seguinte texto:

"Asemade, o Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado:

- Un novo sistema de financiamento local que teña en conta, ademais do criterio poboacional, outros factores que condicionan o custo da prestación dos servizos como o número de entidades de poboación, a extensión territorial e o envellecemento da poboación.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 17:26
Nº Rexistro: 37511
Data envio: 24/09/2018 17:26:28.154

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A modificación da lexislación en materia de estabilidade orzamentaria que afecta ás administracións, eliminando os ríxidos límites en materia de gasto público, endebedamento e contratación de persoal."

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018

Asdo.: **:Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2018 17:10:27

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2018 17:10:33

PARLAMENTO DE GALICIA

(0037527) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:15
Nº Rexistro: 37527
Data envio: 24/09/2018 18:15:25.701

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Paula Prado del Río**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda á Moción** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **36854 (10/MOC-000105)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 29368, publicada no BOPG nº 296, do 25.04.2018, e debatida na sesión plenaria do 11.09.2018).

Emenda de Substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que se segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, unha vez entre en vigor o novo sistema de financiamento autonómico e local, continúe o estudo pormenorizado, no seo da Subcomisión permanente de Réxime económico e financeiro, sobre a política de subvencións da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais"

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 24/09/2018 18:14:36

Pedro Puy Fraga na data 24/09/2018 18:14:54

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

(0037534) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:27
Nº Rexistro: 37534
Data envio: 24/09/2018 18:27:04.483

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada e voceira suplente **Carmen Santos Queiruga** ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda de engádega** á **Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia núm. 36854 (10/MOC-000105),** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais, incluída na orde do dia da sesión plenaria dos días 25 e 26 de setembro de 2018.

Emenda de engádega.

Débese engadir o seguinte texto:

"Instar ao Goberno Central á derrogación inmediata da Lei de estabilidade orzamentaria, coñecida como Lei Montoro, para que os concellos con superávit poidan, entre outras cousas, dedicar estes recursos a mellorar o benestar da cidadanía, con máis gasto social e maiores investimentos."

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Deputada e Voceira S. do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:27
Nº Rexistro: 37534
Data envío: 24/09/2018 18:27:04.483

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 24/09/2018 17:37:03

PARLAMENTO DE GALICIA

4. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

4.1 10/PNP-000921 (0009863)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouriño Villar
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións oportunas diante do Ministerio de Fomento, no marco do contrato adxudicado por Renfe a Talgo, para dotar Galicia de trens AVRIL para prestar o servizo na liña Madrid-Ourense-A Coruña e Vigo, co fin de mellorar os tempos de conexión coa Meseta

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0009863) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2017 16:30
Nº Rexistro: 9863
Data envio: 01/06/2017 16:30:54.955

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Antonio Mouriño Villar, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna** e **Diego Calvo Pouso,** ao abeiro do disposto no artigo 160 en concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

En novembro do pasado ano o Ministro de Fomento comunicaba que Renfe acababa de adxudicar a Talgo o contrato para a fabricación de 15 unidades de tren AVRIL e o seu mantemento durante 30 anos por un importe global de 786,4 millóns de euros.

Un contrato que podería ser ampliado a outras 15 unidades máis e a prolongación do mantemento ata 40 anos.

Os AVRIL son trens de última xeración, máis eficientes e competitivos, con características singulares que lle outorgan unha gran fortaleza: oferta de asentos moi superior aos actuais; velocidade que rolda os 330 km/hora; lixeireza, o que contribúe tamén a unha maior eficiencia enerxética; sistemas de iluminación intelixente; portaequipaxes máis seguros e amplos.

Desde este Grupo Parlamentario consideramos que o contrato recentemente adxudicado a Talgo constitúe unha boa oportunidade para que, tras a chegada do AVE a Galicia no ano 2019, se dote a liña de trens AVRIL de última xeración, o que permitiría acadar tempos máis competitivos nas conexións de Galicia con Madrid.

É por iso que desde o Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que realice as xestións oportunas ante o Ministerio de Fomento para que, no marco do contrato que Renfe adxudicou a Talgo, se dote a Galicia de trens AVRIL para a prestación do servizo na liña Madrid-Ourense-Coruña e Vigo, mellorando así os tempos de conexión coa Meseta e facéndoos máis competitivos" .

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2017 16:30
Nº Rexistro: 9863
Data envío: 01/06/2017 16:30:54.955

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 01/06/2017 16:28:06

Martín Fernández Prado na data 01/06/2017 16:28:16

Jaime Castiñeira Broz na data 01/06/2017 16:28:28

Antonio Mouriño Villar na data 01/06/2017 16:28:36

Marta Novoa Iglesias na data 01/06/2017 16:28:42

María Julia Rodriguez Barreira na data 01/06/2017 16:28:50

Gonzalo Trenor López na data 01/06/2017 16:28:59

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 01/06/2017 16:29:10

Diego Calvo Pouso na data 01/06/2017 16:29:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

(0037490) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37490
Data envio: 24/09/2018 16:12:23.355

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, sobre a realización polo Goberno galego das xestións oportunas diante do Ministerio de fomento, no marco do contrato adxudicado por Renfe a Talgo, para dotar Galicia de trens AVRIL para prestar o servizo na liña Madrid-Ourense-A Coruña e Vigo, co fin de mellorar os tempos de conexión coa Meseta (doc. núm. 9863).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que realice as xestións oportunas ante a entidade pública empresarial Renfe Operadora para que, dentro das competencias que lle atribúe o Real decreto 2396/2004, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Renfe-Operadora se dote Galicia de trens AVRIL para a prestación do servizo na liña Madrid-Ourense-Coruña e Vigo, mellorando así os tempos de conexión coa Meseta e facéndoos máis competitivos.

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/09/2018 16:11:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/09/2018 16:11:36

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0037512) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 17:26
Nº Rexistro: 37512
Data envio: 24/09/2018 17:26:36.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **9863 [10/PNP-000921]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a realización polo Goberno galego das xestións oportunas diante do Ministerio de Fomento, no marco do contrato adxudicado por Renfe a Talgo, para dotar Galicia de trens AVRIL para prestar o servizo na liña Madrid-Ourense-A Coruña e Vigo, co fin de mellorar os tempos de conexión coa Meseta, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 25 de setembro de 2018.

Emenda de adición

Engadir o seguinte seguinte texto:

"Asemade, o Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a demandar do Estado:

- A creación do servizo ferroviario de cercanías e a súa transferencia a Galiza.

- A mellora da conexión ferroviaria entre Vigo e Porto coa construción da saída sur e a modernización da vía até Tui.

- A modernización da infraestrutura e a mellora do servizo nas liñas Coruña-Ferrol e Ferrol-Ribadeo.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 17:26
Nº Rexistro: 37512
Data envio: 24/09/2018 17:26:36.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A modernización da liña Ourense-Lugo e a mellora das comunicacións entre Lugo-Santiago e Lugo-Coruña.

- A mellora da conexión Monforte Palencia e a dinamización do porto seco."

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018

Asdo.: **:Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2018 17:24:57

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2018 17:25:01

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0037519) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:02
Nº Rexistro: 37519
Data envio: 24/09/2018 18:02:52.623

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 9863, do Grupo Parlamentario Popular, sobre a realización polo Goberno galego das xestións oportunas diante do Ministerio de Fomento, no marco do contrato adxudicado por Renfe a Talgo, para dotar Galicia de trens AVRIL para prestar o servizo na liña Madrid-Ourense-A Coruña e Vigo, co fin de mellorar os tempos de conexión coa Meseta, incluída na orde do día da sesión plenaria do 25 de setembro de 2018. (10/PNP-000921).

Emenda de Adición

Débense engadir os seguintes puntos ao final da parte resolutiva:

"- Solicitar ao Goberno do Estado a realización dunha auditoría sobre a eficiencia e racionalidade dos investimentos realizados polo Goberno central na alta velocidade.

- Solicitar ao Goberno do Estado que realice unha auditoría que determine as causas da alta incidencia de agresións medioambientais producidas en territorio galego polas obras do AVE e que explore a posibilidade de incrementar as sancións ás empresas infractoras.

-Solicitar ao Goberno do Estado que recupere o nivel de investimento para as infraestruturas galegas previo á chegada do Partido Popular ao Goberno do Estado no 2011.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:02
Nº Rexistro: 37519
Data envio: 24/09/2018 18:02:52.623

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

-Elaborar un informe sobre a caída orzamentaria nas infraestruturas galegas por parte de Fomento e o grao de execución desas partidas durante o Goberno de M. Rajoy como presidente do Goberno do Estado para negociar co novo Goberno a recuperación dos investimentos comprometidos e non executados."

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 24/09/2018 17:45:47

Luis Villares Naveira na data 24/09/2018 17:45:54

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.2 10/PNP-002322 (0031236)

Grupo Parlamentario de En Marea - David Rodríguez Estévez
Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa aplicación das melloras das condicións laborais na empresa pública Seaga

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0031236) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 13:33
Nº Rexistro: 31236
Data envio: 22/05/2018 13:33:55.276

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea,** a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez** e **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei,** para o seu debate en Pleno**,** sobre as melloras que se deben de acometer nas condicións das traballadoras e traballadores da empresa pública SEAGA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

SEAGA é unha empresa pública creada pola Xunta de Galiza no ano 2006 para a realización, como medio propio da Administración galega, e ao seu servizo, de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestacións de servizos en materias forestais, especialmente as relacionadas coa prevención e loita contra os incendios forestais en particular e, en xeral, intervencións de carácter urxente relacionadas cos lumes forestais.

No dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais conviven diversos actores, pero á hora do ataque directo na primeira liña de lume atópase o persoal que dirixe as tarefas (axentes e técnicos fundamentalmente) e o persoal que se enfronta ás lapas: brigadas contratadas directamente pola Consellería de Medio Rural e brigadas contratadas a través da empresa pública SEAGA.

Non existe diferenza ningunha entre estes dous tipos de traballadores e traballadoras á hora da extinción dos lumes forestais, están baixo o mesmo mando e actúan conxuntamente.

Pero si existen varias diferenzas previas posteriores:

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 13:33
Nº Rexistro: 31236
Data envio: 22/05/2018 13:33:55.276

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- O persoal contratado directamente pola Consellería está incluído no V Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Xunta de Galicia.
- O persoal contratado a través de SEAGA non ten convenio nin se lle aplica o V Convenio. Aplícaselle o Estatuto dos Traballadores excepto, curiosamente cando se trata de reducir o salario pola aplicación dos recortes salariais aos empregados públicos.
- Os salarios dos traballadores de SEAGA son inferiores aos do persoal contratado directamente. Non se lles recoñece o tempo traballado en SEAGA para acceder ás listas de contratación da Xunta de Galicia.
- Aos traballadores de SEAGA a empresa obrígaos, mediante un protocolo imposto que denunciaron ante a inspección de traballo, a realizar na mesma xornada tarefas de prevención e extinción, co risco que isto supón para a seguridade e a merma de efectividade na extinción dos lumes. Teñen constatadas xornadas laborais de 4 horas de traballo de prevención, máis 8 de extinción.

En resumo, realizan as mesmas funcións que os seus compañeiros e compañeiras do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais (SPDCIF), pero cobran menos, teñen menos dereitos, teñen contratos de menor duración, teñen que realizar tarefas de prevención e extinción na mesma xornada e ademais non se lles recoñece o tempo traballado.

Desde os Comités de Empresa e a título individual, os traballadores-as denunciaron e gañaron sentenzas que lles recoñecen dereitos do V Convenio único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, están agardando resolución da Inspección de Traballo polo protocolo que lles obriga a duplicar tarefas e están demandando ante a dirección de SEAGA e ante Función Pública que se lles aplique a disposición transitoria sexta da LOFAXGA, que di:

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 13:33
Nº Rexistro: 31236
Data envio: 22/05/2018 13:33:55.276

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

"En relación co persoal regulado no título III desta lei cuxo réxime xurídico lle asigne retribucións inferiores ás establecidas no convenio colectivo do persoal da Xunta de Galicia para as correspondentes categorías procederase, nun prazo de dous anos desde a aprobación desta lei, a negociar coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos a aplicación do convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia".

Esta lei é a 16 / 2010 de 17 de decembro, co cal van case 5 anos desde a súa aprobación.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1) Aplicar unha subrogación ás traballadoras e traballadores de Seaga incluíndo a estas e a estes no SPDCIF.

2) Recoñecer o tempo traballado en SEAGA, tres meses por ano (tempada máximo risco) á hora de acceder ás listas de contratación da Xunta de Galicia.

3) Reunirse de forma urxente co Comité de Empresa de SEAGA.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Antón Sánchez García
Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 13:33
Nº Rexistro: 31236
Data envío: 22/05/2018 13:33:55.276

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 22/05/2018 13:27:01

Antón Sánchez García na data 22/05/2018 13:27:14

PARLAMENTO DE GALICIA

(0037503) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 16:55
Nº Rexistro: 37503
Data envio: 24/09/2018 16:55:34.943

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **Raúl Fernández Fernández**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa aplicación das melloras das condicións laborais na empresa pública Seaga (10/PNP-002322, doc. núm. 31236)

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Reformar o Decreto 37/2006 de listas da Xunta de Galicia para adecualo ás reivindicacións do persoal laboral temporal, incorporando tamén que a experiencia en extinción dos traballadores e traballadoras de Seaga e outros que poidan estar na mesma situación sexa baremable.
2. Que na reestruturación do servizo de prevención e extinción de incendios forestais se teña en conta a todo a aquel persoal con experiencia nestes traballos, someténdoos en todo o caso aos procedementos de acceso á contratación pública previstos normativamente.
3. Reunir de forma urxente o comité de empresa de Seaga.
4. Aplicar o V convenio ó persoal de Seaga."

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 24/09/2018 16:52:47

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 16:55
Nº Rexistro: 37503
Data envío: 24/09/2018 16:55:34.943

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/09/2018 16:52:52

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.4 10/PNP-002593 (0034520)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Blanco Paradelo
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Rodríguez Pérez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Isabel Romero Fernández
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Sandra Vázquez Domínguez

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno do Estado respecto da Orde, do Ministerio para a Transición Ecolóxica, que establece suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía electrica correspondentes ao exercicio 2013

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0034520) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 11:33
Nº Rexistro: 34520
Data envio: 10/08/2018 11:33:07.875

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Novoa Iglesias, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Diego Calvo Pouso, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Dominguez**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos:

O Ministerio para a Transición Ecolóxica está a propoñer unha orde pola que se establecen os suplementos territoriais nas comunidades autónomas de Andalucía, Aragón, Asturias, Cantabria, Castela a Mancha, Castela e León, Cataluña, Estremadura, Galicia, A Rioxa, Madrid, Murcia, Navarra e Valenciana en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica correspondentes ao exercicio 2013.

A referida Orde xustifícase na vontade de dar cumprimento ás seguintes sentenzas:

Sentenza do 11 de xuño de 2014, pola que o Tribunal Supremo declarou a nulidade do artigo 9.1 da Orde IET/221/2013, do 14 de febreiro, na medida en que non incluía os suplementos territoriais aos que se refería o apartado cuarto do artigo 17 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do Sector Eléctrico, segundo a redacción dada polo artigo 38 do Real Decreto-lei 20/2012, indicando que o Ministro competente nesta materia debería proceder á súa inclusión nos termos que establece a Disposición adicional décimo quinta do citado Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo.

Sentenza do 22 de setembro de 2016, tamén do Tribunal Supremo, pero esta vez referida á Orde IET/1491/2013, do 1 de agosto, pola que se revisan as peaxes de acceso de enerxía eléctrica para a súa aplicación a partir de agosto de 2013 e pola que se revisan determinadas tarifas e curmás das instalacións do réxime especial para o segundo trimestre de 2013. Nela declárase que o artigo 1 e o Anexo I da devandita Orde non son conformes ao ordenamento xurídico na medida en que non inclúen os suplementos territoriais aos que se refire o apartado cuarto do artigo 17 da Lei 54/1997, segundo a redacción dada polo artigo 38 do Real Decreto-lei 20/2012, debendo o Ministro proceder á súa inclusión nos termos que establece a Disposición adicional décimo quinta do Real Decreto-lei 20/2012.

É necesariamente destacable o feito de que en ningún caso as mencionadas sentenzas identifican os tributos que darían lugar aos suplementos territoriais.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 11:33
Nº Rexistro: 34520
Data envio: 10/08/2018 11:33:07.875

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Por iso, a Xunta de Galicia interpuxo un recurso contencioso administrativo contra a Orde ETU/66/2018, do 26 de xaneiro, pola que se fixan os tributos e recargas considerados a efectos dos suplementos territoriais e desenvólvese o mecanismo para obter a información necesaria para fixar os suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso correspondentes ao exercicio 2013. As diferentes taxas de contido ambiental que aplica a Administración galega non gravan as actividades ou instalacións destinadas a subministración eléctrica e, polo tanto, non se poden incluír nos suplementos territoriais para que sexan aboados polos consumidores galegos.

Neste contexto, a Xunta de Galicia ven de solicitar ao Ministerio para a Transición Ecolóxica que atenda as alegacións de Galicia sobre a Orde que establece os suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso do exercicio 2013, anunciado que en caso contrario, a Administración galega solicitará a suspensión cautelar mentres no se resolva o devandito recurso.

Por todo o anteriormente exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno do Estado :

Que exclúa a Galicia do Anexo da Orde que se atopa en tramitación respecto aos suplementos territoriais para o exercicio 2013, en tanto que os impostos medioambientais establecidos pola Administración autonómica non deben ser aboados polas persoas consumidoras galegas".

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 10/08/2018 11:28:28

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/08/2018 11:33
Nº Rexistro: 34520
Data envío: 10/08/2018 11:33:07.875

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Marta Novoa Iglesias na data 10/08/2018 11:28:48

Moisés Blanco Paradelo na data 10/08/2018 11:29:08

Moisés Rodríguez Pérez na data 10/08/2018 11:29:16

Cristina Isabel Romero Fernández na data 10/08/2018 11:29:26

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/08/2018 11:29:42

Diego Calvo Pouso na data 10/08/2018 11:29:54

Sandra Vázquez Dominguez na data 10/08/2018 11:30:12

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

(0037508) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 17:18
Nº Rexistro: 37508
Data envio: 24/09/2018 17:18:22.409

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **34520 [10/PNP-002593]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno do Estado respecto da Orde, do Ministerio para a Transición Ecolóxica, que establece suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía electrica correspondentes ao exercicio 2013, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 25 de setembro de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:

1. Que exclúa a Galiza do Anexo da Orde que se atopa en tramitación respecto aos suplementos territoriais para o exercicio 2013, en tanto que os impostos medioambientais establecidos pola Administración autonómica non deben ser aboados polas persoas consumidoras galegas.

2. En caso de non prosperar os recursos legais e políticos á aplicación dos suplementos territoriais, demandar do Estado a asunción de todos os custes que sexan requiridos para dar cumprimento a estas Sentenzas .

3. Demandar a derrogación dos artigos 16.4 e 17.6 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico que recollen a posibilidade de repercutir os suplementos

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 17:18
Nº Rexistro: 37508
Data envio: 24/09/2018 17:18:22.409

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

territoriais sobre as persoas consumidoras por supoñer unha penalización ás comunidades produtoras e unha inxerencia ns competencias galegas en materia de tributación ambiental."

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2018 13:46:37

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2018 13:46:42

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0037518) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 17:30
Nº Rexistro: 37518
Data envio: 24/09/2018 17:30:35.895

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **Abel Losada Álvarez**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno do Estado respecto da Orde, do Ministerio para a Transición Ecolóxica, que establece suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica correspondentes ao exercicio 2013 (10/PNP-002593, doc. núm. 34520)

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que realice as actuacións necesarias para proceder ás modificacións lexislativas na *Lei 24/2013, do 26 de decembro, del sector eléctrico* e nas ordes *IET/221/2013, do 14 de febreiro* e *IET/1491/2013, do 1 de agosto*, aprobadas polo anterior goberno de España respecto aos suplementos territoriais para o exercicio 2013, co obxectivo de que aqueles impostos de carácter medioambiental establecidos pola Administración autonómica teñan que ser asumidos polas compañías titulares das instalacións ou actividades afectadas, todas elas con elevados beneficios empresariais, e non sexan aboados ou repercutidos ás persoas consumidoras".

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 17:30
Nº Rexistro: 37518
Data envío: 24/09/2018 17:30:35.895

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/09/2018 16:53:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/09/2018 16:53:17

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0037530) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:17
Nº Rexistro: 37530
Data envio: 24/09/2018 18:17:37.871

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á Proposición non de lei, doc. Núm. 34520, do Grupo Parlamentario Popular, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia diante do Goberno do Estado respecto da Orde, do Ministerio para a Transición Ecolóxica, que establece suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica correspondentes ao exercicio 2013, incluída na orde do día da sesión plenaria do 25 de setembro de 2018. (10/PNP-002593).

Emenda de substitución

Debe substituírse a parte resolutiva pola seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Instar ao Goberno do Estado e ao Ministerio de Transición Ecolóxica a modificar a Orde ETU/66/2018 de 26 de xaneiro e a Proposta de Orde de agosto de 2018 que a desenvolve, para calcular os recargos autonómicos nas peaxes da tarifa eléctrica correspondentes ao exercicio 2013, adecuándoos ás dúas sentencias do Tribunal Supremo sobre a aplicación do Art. 17.4 da lei 54/1997 na súa redacción dada polo Real Decreto Lei 20/2012 de 13 de xullo, que impoñen cargar aos abonados dunha comunidade autónoma os recargos autonómicos sobre as actividades de subministración eléctrica, entendendo as mesmas referenciadas

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:17
Nº Rexistro: 37530
Data envio: 24/09/2018 18:17:37.871

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

as actividades reguladas de transporte e distribución, pero en ningún caso as actividades liberalizadas de produción.

2.- Como consecuencia da modificación plantexada no punto 1, declarar nulos os recargos estimados na Proposta de Orde de agosto de 2018 calculados sobre os tributos ambientais das actividades de produción eléctrica.

3.- Facer todos os informes necesarios para demostrar as causas e o destino medioambiental do Canon Eólico; Canon de Saneamento; Imposto sobre a contaminación atmosférica e o Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos de auga encorada.

4.- Regular, documentar e desenvolver a lexislación de maneira axeitada para garantir o destino dos tributos recadados polos canons e impostos referenciados no punto 3 a mellora medioambiental nas zonas afectadas polas instalacións de produción afectadas polos mencionados tributos.

5.- Instar ao Goberno de España e ao Ministerio de Transición Ecolóxica, en tanto non se derrogue de maneira completa a Lei 24/2013 de 26 de decembro do Sector Eléctrico que derrogou á súa vez a Lei 54/1997 de 27 de novembro, a derrogar o artigo 16 eliminando desta maneira o carácter potestativo da inclusión de suplementos territoriais nas peaxes de acceso."

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:17
Nº Rexistro: 37530
Data envio: 24/09/2018 18:17:37.871

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 24/09/2018 18:16:49

Luis Villares Naveira na data 24/09/2018 18:16:56

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.5 10/PNP-002666 (0035858)

Grupo Parlamentario de En Marea - José Manuel Lago Peñas
Grupo Parlamentario de En Marea - Carmen Santos Queiruga
Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Vázquez Verao

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do establecemento dun mecanismo de revalorización das pensións que garanta, cando menos, o mantemento do seu poder adquisitivo

PARLAMENTO DE GALICIA

(0035858) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 13:31
Nº Rexistro: 35858
Data envio: 04/09/2018 13:31:19.207

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas,** e das súas deputadas **Carmen Santos Queiruga e Paula Vázquez Verao,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte ***Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.***

Exposición de motivos.

O sistema público de pensións é o elemento central da protección social no noso país polo número de persoas beneficiadas, polo importe dos recursos dos que dispón o sistema pero, sobre todo, porque as pensións son a renda case única das persoas que por razón de idade deixan de traballar.

Asegurar as pensións e a súa actualización anual é un compromiso ineludible coas persoas que logo dunha larga vida de traballo xeraron o dereito a unha pensión suficiente que lles permita vivir de forma independente cos seus propios recursos.

En agosto de 2018, en Galicia hai 674.290 persoas pensionistas, unha elevada cifra que equivale ao 25% da poboación total do noso pais o que supón que un de cada catro persoas é pensionista.

Pensionistas que cobran de media tan só 810 euros mensuais, unha contía obviamente baixa pero que aínda así agocha detrás dese valor medio situacións de pobreza e exclusión que padecen miles e miles de pensionistas en Galicia. Porque no noso país o 58% das pensións están por debaixo do limiar da pobreza. O 28% das pensións é inferior aos 500 euros mes e outro 30% non chega aos 650 euros. Un dato amosa o enorme problema para moitas persoas, hai 200.000

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 13:31
Nº Rexistro: 35858
Data envio: 04/09/2018 13:31:19.207

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

pensionistas que cobran menos de 450 euros mensuais, unha cantidade tan baixa que condena á pobreza e á exclusión as persoas que as perciben

Pensións moi baixas, as segundas máis baixas do Estado, que condenan á precariedade e á dependencia das persoas maiores. Pensións baixas que ademais sufriron a perda de poder adquisitivo dende que a Lei 234/2013 cambiou o sistema de actualización anual eliminando a referencia ao IPC trocándoa polo denominado índice de revalorización.

Este índice, tal e como estaba definido na norma legal, condenaba á practica conxelación permanente das pensións converténdose nunha gravísima ameaza para o futuro das mesmas e o benestar das persoas pensionistas.

O 0,25% de variación anual das pensións para sempre derivado da definición do índice de revalorización constituía un mecanismo perverso con efectos demoledores sobre o poder adquisitivo das persoas pensionistas, que nun prazo de dúas décadas verían reducida a súa pensión nun 30% en termos reais: pasar de pensións baixas a pensións de miseria.

A enorme mobilización social, o rexeitamento maioritario da sociedade contra este empobrecemento das persoas maiores, obrigou ao Partido Popular a un cambio cosmético do índice de revalorización que agora, co seu desaloxo do goberno, deu un paso adiante con incrementos das pensións próximos ao IPC.

Pero o avanzado, con ser moito, non é suficiente nin está garantido para o futuro. Este é o momento de formalizar de forma decidida o compromiso coas persoas maiores, as pensionistas, porque é necesario e posible garantir que, cando menos, as pensións non perdan poder adquisitivo e ademais facelo de forma definitiva, de forma que non se volvan a ver ameazadas no futuro por axustes e recortes do gasto publico.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 13:31
Nº Rexistro: 35858
Data envío: 04/09/2018 13:31:19.207

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Para elo é necesario eliminar de forma definitiva o índice de revalorización, derrogando a Lei 23/2013 e volver a regular por lei que o criterio para a actualización anual da contía das pensións ten que ser a variación real do IPC de cada ano. Un cambio normativo que debe ter o máximo respaldo legal para impedir a volta atrás, dándolle a norma que regula esta revalorización o máximo rango xurídico e institucional.

En base ao anterior, **En Marea** presenta a **seguinte Proposición non de Lei** para o seu debate en **Pleno**:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno central demandándolle que estableza de forma inmediata un mecanismo de revalorización das pensións que asegure, cando menos, que as pensións manteñan o seu poder adquisitivo, isto é, que medren cada ano o mesmo que o IPC, polo que, ademais do incremento inicial se debe recuperar a cláusula de garantía, por si a inflación ao final do ano é superior á subida inicial das pensións. Un sistema de actualización da contía das pensións que debe blindarse legalmente, dándolle o máximo rango xurídico e institucional, para evitar que ningún goberno poda volver a recortar e devaluar as pensións.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Carmen Santos Queiruga

Paula Vázquez Verao

Deputadas e voceira s. do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2018 13:31
Nº Rexistro: 35858
Data envio: 04/09/2018 13:31:19.207

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 04/09/2018 13:28:44

Carmen Santos Queiruga na data 04/09/2018 13:28:57

Paula Vázquez Verao na data 04/09/2018 13:29:07

PARLAMENTO DE GALICIA

(0037505) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 17:01
Nº Rexistro: 37505
Data envio: 24/09/2018 17:01:19.776

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do establecemento dun mecanismo de revalorización das pensións que garanta, cando menos, o mantemento do seu poder adquisitivo (doc. núm. 35858).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno central e lle demande que se adopten as medidas necesarias para que no seo do Pacto de Toledo, se garanta a actualización das pensións pola aplicación do IPC.

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/09/2018 16:59:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/09/2018 16:59:44

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0037521) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:04
Nº Rexistro: 37521
Data envio: 24/09/2018 18:04:59.113

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **35858 [10/PNP-002666]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do establecemento dun mecanismo de revalorización das pensións que garanta, cando menos, o mantemento do seu poder adquisitivo, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 25 de setembro de 2018.

Emenda de adición

Engadir os seguintes puntos:

"-Derrogación das reformas laborais e das pensións, nomeadamente as de 2011 e 2013.

-A aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restitúa os dereitos perdidos como consecuencia das sucesivas contrarreformas laborais que favoreza dereitos e regulacións novas que melloren as condicións de vida e de traballo e fortalezan á clase traballadora diante do capital."

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:04
Nº Rexistro: 37521
Data envio: 24/09/2018 18:04:59.113

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2018 17:09:29

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2018 17:09:34

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.6 10/PNP-002675 (0036056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e Audasa nos anos 2011 e 2013, as deficiencias do servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e as obras de ampliación da ponte de Rande

PARLAMENTO DE GALICIA

(0036056) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 12:11
Nº Rexistro: 36056
Data envío: 06/09/2018 12:11:43.291

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Fomento vén de anunciar de maneira oficiosa dúas novas subidas de peaxes da AP-9 que se farán efectivas nos vindeiros meses e que son resultado dos convenios asinados en 2011 e 2013 polo goberno do Estado e AUDASA. No caso da suba do 1% vinculada ao convenio de 2011 consideramos que é ilegal a súa aplicación na anualidade de 2018.

Estes incrementos das peaxes, que se suman á actualización anual do IPC e a outras subas aprobadas, prexudican gravemente os intereses das persoas usuarias e favorecen descaradamente os intereses da concesionaria. Estamos diante dunha estratexia na que a concesionaria sempre sae gañando: incremento do tráfico, incremento das peaxes, redución de custos, aumento de beneficios.

Por outra parte, contemplamos con estupor como o goberno do Estado e a Xunta de Galiza son incapaces de pararlles os pés a AUDASA: nin se lle abren expedientes polos atascos, nin se lle aplican penalizacións nas compensacións,

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 12:11
Nº Rexistro: 36056
Data envio: 06/09/2018 12:11:43.291

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nin se negocian bonificacións nin se fai auditoría do servizo. Son polo tanto gobernos cómplices da estafa das peaxes e dos abusos da concesionaria. E no caso do goberno central ademais ingresa tamén cantidades millonarias polo Imposto de Sociedades e polo IVE.

O BNG entende que a Xunta de Galiza e O Ministerio de Fomento téñenlle que poñer fin ao espolio e ao agravio continuado, que se ve acrecentado ademais con medidas de redución de peaxes noutras autoestradas de titularidade estatal. Ou coa aprobación de miles de millóns para o rescate das ruinosas autoestradas madrileñas.

Consideramos ademais que se deben revisar os convenios asinados en 2011 e 2013, así como auditar as obras da ampliación de Rande e estudar penalizacións á concesionaria pola non prestación do servizo en condicións óptimas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado:

1. A revisión e anulación dos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e AUDASA en 2011 e 2013, por establecer cláusulas abusivas e claramente favorábeis aos intereses da concesionaria.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 12:11
Nº Rexistro: 36056
Data envio: 06/09/2018 12:11:43.291

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A realización dunha auditoría global sobre as deficiencias do servizo que presta a concesionaria da AP 9 e sobre as obras de ampliación da ponte de Rande.

3. A apertura de expedientes informativos e sancionadores á concesionaria polas reiteradas retencións e atascos que se producen na AP 9.

4. A aplicación de formas de compensación pola non axeitada prestación do servizo nas xornadas en que se produciron retencións e polo tráfico que utiliza os novos carrís exteriores da ponte de Rande que non cumpren con estándares das autoestradas."

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 12:11
Nº Rexistro: 36056
Data envio: 06/09/2018 12:11:43.291

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 12:08:52

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 12:08:59

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 12:09:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 12:09:02

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 12:09:03

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 12:09:10

PARLAMENTO DE GALICIA

(0037491) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37491
Data envio: 24/09/2018 16:12:44.126

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e Audasa nos anos 2011 e 2013, as deficiencias do servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e as obras de ampliación da ponte de Rande (doc. núm. 36056).

Emenda de modificación

O punto 1 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

"1. A que, logo de que o Goberno de España levantase as súas reservas, realice as xestións oportunas co obxecto de acadar no menor prazo posible a transferencia á Comunidade Autónoma da AP-9, de acordo coa lei aprobada por unanimidade na Cámara galega, ao tempo que faga as actuacións necesarias tendentes á minoración das súas peaxes para a cidadanía, incluíndo neste sentido aquelas propostas de modificación das cláusulas actualmente en vigor ca concesionaria".

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/09/2018 16:11:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/09/2018 16:11:09

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0037524) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:11
Nº Rexistro: 37524
Data envio: 24/09/2018 18:11:36.952

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado **Alberto Pazos Couñago**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo do Bloque Nacionalista Galego **36056 (10/PNP-002675)** Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e Audasa nos anos 2011 e 2013, as deficiencias do servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e as obras de ampliación da ponte de Rande.

Emenda de Substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que se segue a continuación:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:

1. Que non repercuta as futuras obras que se realicen na AP-9 en suba de peaxes, senón que cumpra o compromiso adquirido polo anterior Ministerio de Fomento coa Xunta de Galicia de pagar estas actuacións con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.
2.- A realización dunha auditoría global sobre a calidade do servizo que se está a prestar aos usuarios da AP-9.
3.- A apertura de dilixencias informativas á empresa concesionaria cando se produzan situacións reiteradas de atascos na AP-9 e, de ser o caso, a imposición do correspondente sanción.
4.- A aplicación de medidas compensatorias aos usuarios cando se produzan situacións excepcionais que non garantan a prestación dun servizo de calidade, incluíndo a posibilidade de levantar barreiras cando sexa oportuno.
5.- Que manteña a Comisión conxunta creada entre Xunta e Ministerio en febreiro do ano pasado como marco estable no que abordar os asuntos relativos á AP-9. Esta comisión reunirase, como veu facendo ata o de agora, cunha periodicidade mínima semestral.
6.- Que se manteñan todos os compromisos xa acadados con anterioridade entre Xunta de Galicia e Goberno do Estado no marco da Comisión mixta entre Xunta e Ministerio de seguimento da xestión da AP-9".

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2.018.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:11
Nº Rexistro: 37524
Data envío: 24/09/2018 18:11:36.952

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/09/2018 18:09:59

Pedro Puy Fraga na data 24/09/2018 18:10:24

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

(0037529) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:16
Nº Rexistro: 37529
Data envio: 24/09/2018 18:16:22.797

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. 36056, do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e Audasa nos anos 2011 e 2013, as deficiencias do servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e as obras de ampliación da ponte de Rande, incluída na orde do día de 25 de setembro de 2018. (10/PNP-002675).

Emenda de Adición

Débense engadir os seguintes puntos ao final da parte resolutiva:

5. A esixir ao Goberno español a deixar sen efecto o acordo con AUDASA de subida de tarifas nas peaxes da AP-9 para o ano 2018 e os dous seguintes.

6. Que no prazo de tres meses elabore un estudo da viabilidade do rescate da AP-9 para o público, contemplando o seu custe económico, o seu impacto tarifario para o público e as alternativas para o seu financiamento.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro s. do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:16
Nº Rexistro: 37529
Data envío: 24/09/2018 18:16:22.797

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 24/09/2018 17:53:44

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.7 10/PNP-002677 (0036072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa experiencia, as condicións laborais e as tarefas do persoal da empresa pública Seaga

PARLAMENTO DE GALICIA

(0036072) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:16
Nº Rexistro: 36072
Data envio: 06/09/2018 13:16:45.400

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa pública SEAGA leva sendo unha peza clave/importante no conxunto do dispositivo de prevención e extinción de Incendios Forestais dos últimos 11 anos. Oito deles con Conselleiros nomeados polo actual Presidente da Xunta.

O dispositivo de SEAGA organízase en función das necesidades marcadas pola propia Consellería do Medio Rural, actúa baixo o mesmo mando que o dispositivo de SPDCIF da Consellería e de xeito conxunto co mesmo. A estas alturas non é algo esóxeno e alleo ó mesmo.

A experiencia, profesionalidade, sacrificio e eficacia dos seus membros ten sido demostrada nas súas actuacións no combate directo contra o lume que enfrontaron en todas estas campañas pasadas.

O desperdicio de recursos económicos e humanos que suporía, para a o sector público galego, o desprenderse do capital humano no que a propia Consellería estivo investindo nos últimos anos (formación, experiencia, capacidades...), e do organizativo e estrutural que a entidade posúe.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:16
Nº Rexistro: 36072
Data envio: 06/09/2018 13:16:45.400

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos a falar da anunciada reorganización do servizo de prevención, defensa e extinción de incendios forestais a partir do 2.019 sen que por parte da dirección da empresa teña habido ningún comunicado ós traballadores que actualmente traballan neses servizos a respecto do seu futuro laboral.

Resulta irracional, e fóra de toda lóxica de xestión axeitada dos recursos públicos, prescindir do capital humano que a propia Consellería formou nestes anos a traveso de SEAGA e para o que destinou recursos públicos.

Faise de todo necesario que de xeito inmediato se habiliten as disposicións necesarias para que se modifique a normativa actual, e a experiencia destes traballadores e traballadoras sexa baremable á hora da súa inclusión nas listas de contratación da Xunta de Galiza.

De non ser feito así ímonos atopar coa situación perversa, provocada por unha decisión política, de que os traballadores que puxeron en risco as súas vidas traballando cóbado con cóbado na primeira liña de combate contra os lumes forestais, baixo o mesmo mando, de xeito coordinado polos mesmos responsables, sometidos ós mesmos riscos e ós mesmos sacrificios, a Consellería vainos a dividir en dúas castes: traballadores de primeira e de segunda, en función de quen lles fixese o contrato nesa campaña, e non do traballo que leven desempeñado na súa vida profesional. De xeito coloquial e para que se entenda ben: "se te contratou un Distrito Forestal "váleme" a túa experiencia e puntúocha nas listas, pero si te contratou SEAGA nese mesmo Distrito, e fuches ós mesmos lumes có teu compañeiro da "Xunta", e a pesar de que compartiches día e noite con el os seus traballos e riscos, non me "vale" a túa experiencia e non cha puntúo.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:16
Nº Rexistro: 36072
Data envio: 06/09/2018 13:16:45.400

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os contratos nas brigadas municipais si que son recoñecidos e baremables, independentemente de se foron ó "lume" ou non. É dicir, se o Goberno galego non adopta as medidas oportunas para emendar esta eiva, a Conselleira estará mandando a seguinte mensaxe: só recoñezo os méritos dos traballadores que contrataron os Concellos, e dos que a Consellería contratou directamente, pero non a dos traballadores que traballaron para a Consellería a través do seu medio propio como é a empresa pública SEAGA.

En agosto asinouse o convenio entre a Xunta, a FEGAMP e máis SEAGA para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias que suporá un aumento considerable da carga de traballo para a empresa, representando a ocasión propicia para aumenta-lo tempo de traballo anual para o persoal de SEAGA que actualmente presta servizos só determinados meses do ano.

Estas reivindicacións foron postas sobre da mesa a 4 de setembro polo comité de folga da sección sindical da CIG nunha convocatoria de folga indefinida a partir do 16 de setembro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Habilita-las disposicións necesarias para que se modifique a normativa actual, e a experiencia dos traballadores e traballadoras de SEAGA sexa baremable á hora da súa inclusión nas listas de contratación da Xunta de Galiza.

-Aplica-lo V Convenio ó persoal de SEAGA.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:16
Nº Rexistro: 36072
Data envío: 06/09/2018 13:16:45.400

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Elimina-lo protocolo que establece tarefas de prevención e extinción no período de risco de incendios forestais.

-Que na anunciada reestruturación do SPDCIF se conte co persoal de SEAGA con experiencia no servizo de prevención, defensa e extinción de incendios forestais.

-Que no anunciado aumento da carga de traballo que se desprende do convenio asinado coa Xunta e a FEGAMP para a xestión das franxas de biomasa, se conte co persoal de SEAGA que actualmente presta servizos só determinados meses do ano aumentando o seu tempo de traballo anual."

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Luis Bará Torres
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:16
Nº Rexistro: 36072
Data envio: 06/09/2018 13:16:45.400

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 13:12:02

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 13:12:08

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 13:12:10

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 13:12:12

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 13:12:14

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 13:12:16

PARLAMENTO DE GALICIA

(0037504) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 16:55
Nº Rexistro: 37504
Data envio: 24/09/2018 16:55:50.019

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **Raúl Fernández Fernández**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa experiencia, as condicións laborais e as tarefas do persoal da empresa pública Seaga (10/PNP-002677, doc. núm. 36072)

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Reformar o Decreto 37/2006 de listas da Xunta de Galicia para adecualo ás reivindicacións do persoal laboral temporal, incorporando tamén que a experiencia en extinción dos traballadores e traballadoras de Seaga e outros que poidan estar na mesma situación sexa baremable.
2. Que na reestruturación do servizo de prevención e extinción de incendios forestais se teña en conta a todo a aquel persoal con experiencia nestes traballos, someténdoos en todo o caso aos procedementos de acceso á contratación pública previstos normativamente.
3. Reunir de forma urxente o comité de empresa de Seaga.
4. Aplicar o V convenio ó persoal de Seaga."

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 24/09/2018 16:52:10

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 16:55
Nº Rexistro: 37504
Data envío: 24/09/2018 16:55:50.019

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/09/2018 16:52:15

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0037506) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 17:18
Nº Rexistro: 37506
Data envio: 24/09/2018 17:18:01.565

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **36072 [10/PNP-002677]**, do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa experiencia, as condicións laborais e as tarefas do persoal da empresa pública Seaga, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 25 de setembro de 2018.

Emenda de modificación

No punto 2 onde dí:

"Aplica-lo V Convenio ó persoal de SEAGA."

Debe dicir:

"Que as condicións laborais contidas no V Convenio sexan plasmadas nun convenio de ámbito de empresa e que se apliquen a todo o persoal de SEAGA."

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 17:18
Nº Rexistro: 37506
Data envio: 24/09/2018 17:18:01.565

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/09/2018 14:04:33

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2018 14:04:38

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.8 10/PNP-002690 (0036148)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Luis Manuel Álvarez Martínez
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia destinadas a elaborar un proxecto integral de coidado e atención das augas do encoro da Baxe e do río Umia, así como a convocatoria urxente de representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, da Confederación Hidrográfica Galicia-Costa, de Augas de Galicia, dos representantes dos concellos da conca do río Umia e do Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

(0036148) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:34
Nº Rexistro: 36148
Data envío: 06/09/2018 17:34:19.718

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

O Goberno galego aprobou hai tempo o Decreto de creación do Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia, no ámbito da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Segundo o propio Goberno, o Observatorio vai funcionar en Pleno e en grupos de traballo, pleno que se xuntará unha vez ao ano en sesión ordinaria, sen prexuízo doutras reunións e sesións extraordinarias cando así o acorde a Presidencia.

Aínda que creación dun Observatorio dos Ríos podería ter sido un avance na avaliación sobre a calidade ambiental dos recursos hídricos, lamentablemente a realidade non é esa. Xa dende o mes de xullo (de maneira recurrente nos veráns), o río Umia (encadrado na Confederación Hidrográfica Galicia Costa) atópase en estado de alerta por cianobacterias (microcistina) que tinguen de verde as augas do río e do encoro da Baxe, sen que o Goberno galego teña dado sinais de existencia; nin sequera se teñen achegado á zona. Este non é un problema menor, pois o río afecta, de maneira directa ao atravesar ou indirecta por ser utilizada a súa auga, a Concellos como Caldas, Cuntis, Moraña, Barro, Portas, Vilagarcía, Vilanova, Ribadumia ou Cambados. É dicir, afecta a un volume extenso de territorio e poboación que dependen dunha ou outra maneira do río Umia. A maiores, a veciñanza sofríu restricións para o baño durante o verán e é o propio Concello de Caldas o que está a asumir un alto custe económico (cun 25% de subrecuste) para que os seus veciños reciban auga de calidade.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:34
Nº Rexistro: 36148
Data envío: 06/09/2018 17:34:19.718

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, en relación ao encoro da Baxe e ao río Umia, a que:

1. Elabore, antes de que remate o ano 2018, un proxecto integral de coidado e atención do encoro da Baxe que permita que a auga estea nas mellores condicións e que evite o sobrecuste en abastecemento que está a asumir o Concello de Caldas de Reis.
2. Encargue, antes de que remate 2018, a limpeza da canle do río Umia e do fondo do encoro da Baxe.
3. Convoque de forma urxente unha xuntanza extraordinaria de representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, da Confederación Hidrográfica Galicia Costa, de Augas de Galicia e dos representantes de todos os concellos da conca do río Umia, aportándolles previamente toda a información necesaria para a dita xuntanza.
4. Que convoque de forma urxente unha xuntanza extraordinaria do Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia ante a situación de alerta do encoro da Baxe e do río Umia.
5. Convoque, á maior brevidade, unha xuntanza cos responsables locais dos concellos afectados e se comprometa a facilitar de maneira continuada a información referida ao encoro e canle do río Umia favorecendo a coordinación entre administracións.

Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 17:34
Nº Rexistro: 36148
Data envío: 06/09/2018 17:34:19.718

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/09/2018 17:32:19

Julio Torrado Quintela na data 06/09/2018 17:32:24

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/09/2018 17:32:29

María Luisa Pierres López na data 06/09/2018 17:32:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/09/2018 17:32:41

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0037523) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:05
Nº Rexistro: 37523
Data envio: 24/09/2018 18:05:17.534

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **36148 [10/PNP-002690]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia destinadas a elaborar un proxecto integral de coidado e atención das augas do encoro da Baxe e do río Umia, así como a convocatoria urxente de representantes da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, da Confederación Hidrográfica Galicia-Costa, de Augas de Galicia, dos representantes dos concellos da conca do río Umia e do Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 25 de setembro de 2018.

Emenda de adición

Engadir un novo punto co seguinte texto:

"- Proceder a desmantelar o encoro da Baxe sobre o río Umia, en Caldas de Reis, e a rescatar a concesión hidroeléctrica efectuada a unha empresa privada."

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:05
Nº Rexistro: 37523
Data envio: 24/09/2018 18:05:17.534

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2018 16:44:46

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2018 16:44:51

PARLAMENTO DE GALICIA

(0037528) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:15
Nº Rexistro: 37528
Data envio: 24/09/2018 18:15:55.629

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. 36148, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia destinadas a elaborar un proxecto integral de coidado e atención das augas do encoro da Baxe e do río Umia, así como a convocatoria urxente de representantes da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, da Confederación Hidrográfica Galicia-Costa, de Augas de Galicia, dos representantes dos concellos da conca do río Umia e do Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria do 25 de setembro de 2018 (10/PNP-002690).

Emenda nº 1 de Adición

Débese engadir, ao final do punto 1,o seguinte texto:

"... que inclúa o estudo da inutilización ou derrube do encoro.".

Emenda nº 2 de Adición

Débese engadir un novo punto ao final da parte resolutiva:

"6. Que informe do desenvolvemento do Plan Umia anunciado polo Goberno galego no ano 2011, desglosando tanto as actuacións levadas a cabo como os resultados das medidas levadas a cabo."

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro s. do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 18:15
Nº Rexistro: 37528
Data envío: 24/09/2018 18:15:55.629

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 24/09/2018 17:49:32

PARLAMENTO
DE GALICIA